

CES

Como cada ano, resumimos nesta Memoria as principais actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia en 2013.

Os primeiros apartados están adicados, como é habitual, a describir qué o o CES, o seu funcionamento e forma de traballar.

Tamén se recolle a composición do organismo, coas persoas, entidades e organizacións que forman o Pleno e os distintos órganos colexiados, así como o número de sesións dos mesmos e os principais contidos das súas reunións.

actividades

2013

A memoria fai referencia, de seguido, aos principais traballos aprobados polo Consello ao longo do ano, desde dos ditames, pasando polo informe sobre a área de Vigo –que pecha unha primeira serie de estudos territorias– e ata a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia.

Entre as actividades deste ano, salienta a celebración en Compostela, no marco da colaboración do CES-Galicia na Rede Transnacional Atlántica, dun seminario a nivel europeo sobre a participación destes organismos consultivos na toma de decisión no ámbito comunitario.

Seguimos tamén traballando na mellora da nosa páxina web, que permite o acceso a todos os documentos elaborados polo Consello ao longo destes anos.

C

E

S

2

2

0

1

3

que é o CES

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como **foro permanente de diálogo** e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma.

O CES de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopcións de decisións por parte do Executivo autonómico.

No CES está representado un amplo número de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo –desde os sindicatos ás Universidades, dos pescadores aos consumidores–, o que lle confire o seu especial carácter de foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para o exercicio da súa función consultiva. Este labor aplícase non só á actividade normativa gubernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñan propostas encamiñadas a unha eventual introducción de reformas nas políticas públicas aplicadas aos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un **organismo independente** do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello Económico e Social son as **materias socioeconómicas** directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e integración europea.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do Consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as **materias socioeconómicas** directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

C

E

S

4

2

0

1

3

Funcións

Entre outras funcións, o CES emite **ditames** preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.

O Consello tamén elabora **informes**, por iniciativa propia ou a petición da Xunta, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma. Nese eido, pode dar a coñecer ao Goberno a súa opinión sobre a execución destes plans.

A participación en **mesas sectoriais** xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.

A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta unha **Memoria** sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gubernamentais.

Composición e estrutura

O Consello Económico e Social está formado por 35 membros: tres grupos de 11 membros, máis a presidenta e o secretario xeral.

- **Grupo I:** Os seus once membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, 4 membros corresponden a UGT-Galicia, 3 membros á Confederación Intersindical Galega e 4 membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.

- **Grupo II:** Corresponde ás **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus once membros son

designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.

- **Grupo III:** Acolle diversas **entidades** e **asociacións**. O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, 2 membros de Xóvenes Agricultores, 1 de Unións Agrarias e 1 do Sindicato Labrego Galego); 2 membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas Confrarías de Pescadores; 2 membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; e 3 representantes das Universidades galegas.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos antes da finalización do seu mandato polas entidades que os designaron.

Os membros do CES

5

2
0
1
3

A composición do plenario do CES é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas. Tendo en conta esta precisión, e dado que unha composición actualizada en cada momento pode consultarse na páxina web do Consello, nesta Memoria de actividades se recollen os membros do Pleno do CES a 31 de decembro de 2013 (titulares e suplentes). Organizados por grupos e segundo a organización á que pertencen, son os seguintes:

Presidenta: María Corina Porro Martínez.

Secretario xeral: Juan José Gallego Fouz.

MEMBROS TITULARES

Grupo 1.- Organizaci3ns sindicais.

UGT-Galicia:

Jos3 Carlos Rodr3guez del R3o

Delia Irene Mart3nez Conde

Carmen Brea Iglesias

Ernesto Fontanes Blanco

CIG (Confederaci3n Intersindical Galega)

Manuel Curr3s Meira

Fernando R. Acuña R3a

Natividade L3pez Gromaz

CC.OO. de Galicia

Maica Bouza Seoane

Adela Poisa Ba3os

Juan Mart3nez Garc3a

Mar3a Jes3s Fern3ndez Garc3a

Grupo 2.- Organizaci3ns empresariais.

Confederaci3n de Empresarios de Galicia:

Fausto Santamarina Fern3ndez

Ant3n Arias D3az Eimil

Javier Mart3nez L3pez

Gabriel Garc3a Aparicio

Eugenio Geijo Carril

3ngel Hermida Lage

Jos3 Manuel P3rez Canal

Jos3 Manuel Fern3ndez Alvari3o

Francisco Serna G3mez

Carlos Gonz3lez Fern3ndez

Juan B. Salle Barreiro

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións.

Unións Agrarias de Galicia:

Pedro González Boquete

Sindicato Labrego Galego:

Isabel Vilalba Seivane

Xóvenes Agricultores:

Antonio de María Angulo

Manuel D. Fontela Ríos

Confrarías pescadores:

Evaristo Lareo Viñas

José Antonio Gómez Castro

Consello Galego de Consumo:

Miguel López Crespo

Otilia Novegil Villanueva

Universidade da Coruña:

Amalia Blanco Louro

Universidade de Santiago de Compostela:

Sara Cantorna Agra

Lourdes Batán Aira

Universidade de Vigo:

Juan C. Surís Regueiro

MEMBROS SUPLENTES

Grupo 1.- Organizacións sindicais.

UGT-Galicia:

Eladio A. Romero Ares

Rosa Arcos Caamaño

Domingo Barros Montáns

Mar Alfonsín Madrigal

CIG (Confederación Intersindical Galega)

Héctor López de Castro

Xavier Rodríguez Fidalgo

Margarida Corral Sánchez

CC.OO. de Galicia

Amelia Pérez Álvarez

Ascensión Esteban Ceballos

Demetrio Vázquez Martínez

José Manuel Lago Peñas

Grupo 2.- Organizacións empresariais.

Confederación de Empresarios de Galicia:

José Antonio Neira Cortés

Verónica Val Vázquez

José Ramón Franco Caaveiro

José Manuel Rodríguez Tarrío

José Manuel Maceira Blanco

Ana García Caeiro

María de Miguel Pérez

Rafael Serrano Hernández

Araceli de Lucas Sanz

Ángel Fernández Presas

Marta Amate López

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións.

Unións Agrarias de Galicia:

Alba Torreira Puga

Sindicato Labrego Galego:

Xosé Pérez Rei

Xóvenes Agricultores:

Juan Pérez Sánchez-Orozco

Francisco Bello Bello

Confraría pescadores:

Jesús Ramón Longueira Suárez

Francisco Javier Martínez Durán

Consello Galego de Consumo:

Rosa Celia Otero Raña

María Josefa Neira González

Universidade da Coruña:

Ángel S. Fernández Castro

Universidade de Santiago de Compostela:

Lourdes Batán Aira

Universidade de Vigo:

Juan C. Surís Regueiro

Órganos

9

A participación efectiva dos membros no traballo do CES artéllase a través de distintos órganos colexiados: o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais. O Consello conta tamén con dous órganos unipersonais, a Presidenta e o Secretario Xeral.

2013

O **Pleno** é o órgano de goberno do Consello. Está composto polos seus 35 membros, todos con dereito a voto agás o secretario xeral. O Pleno establece as liñas xerais de actuación do Consello e organiza o seu funcionamento interno, aproba os ditames, estudos ou informes, decide a elaboración doutros traballos e aproba tamén a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia.

A **Comisión Permanente** é o órgano colaborador do Pleno no goberno do CES. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares, tres de cada un dos grupos que o compoñen. Entre as súas funcións destaca a supervisión das actividades do organismo e a coordinación dos traballos das diferentes comisións. A Comisión Permanente eleva ao Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do Consello.

As tarefas cotiás de elaboración de informes e ditames estás adscritas ás **comisións sectoriais**, grupos de traballo de nove membros que manteñen a representación proporcional do Pleno (con tres membros de cada un dos grupos do plenario). O CES funciona con catro comisións sectoriais especializadas por ámbitos:

- CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos.
- CS-2: Sector público e benestar social.
- CS-3: Desenvolvemento rexional.
- CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia.

A **presidenta** representa ao Consello e dirixe as súas actuacións, ademáis de velar polo bo funcionamento do mesmo, mentres que o **secretario xeral** é o órgano de asistencia técnica e administrativa do CES e o depositario da fe pública dos seus acordos.

Procedementos. Cómo funciona o CES

10

2013

O ámbito das funcións atribuídas ao Consello Económico e Social de Galicia corresponde ás materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, un amplo abano de actividades que teñen incidencia na vida cotiá das galegas e galegos.

Segundo o acordo tomado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de febreiro de 1999, “enténdese por materias socioeconómicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo”.

- **O procedemento externo.**

O procedemento establecido para que o Goberno galego solicite a actuación consultiva do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión, nos seguintes termos:

“1.- Correspóndelle ao Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de ditames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutras dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellerías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesaranos do presidente da Xunta. A petición de dictames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellerías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren ditame preceptivo do CES-Galicia, xustificarán o dito extremo mediante a incorporación ao expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o ditame, salvo no caso de que este finalmente se interese.”

• Procedementos internos.

O seu Regulamento de Réxime Interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22 de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o procedemento xeral como os distintos procedementos específicos.

O **procedemento xeral** iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun ditame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ao presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. Á vez, notifícase esa remisión á Comisión Permanente e, por extensión, en virtude dun acordo plenario, a todos os membros do CES.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera máis oportuno, sempre contando co apoio dos servizos técnicos do Consello, en particular do Centro de Documentación e do Gabinete Técnico. Se se estima necesario, pode contar co asesoramento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactada unha proposta de ditame (os informes ou estudos iniciados por propia iniciativa seguen un proceso similar, agás na súa orixe), entrégaselle ao presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello. No caso de que a aprobación corresponda ao Pleno (que é o habitual), a Comisión Permanente limitarase a coñecer o texto remitido pola comisión sectorial e convocar a celebración da sesión plenaria.

Antes da data sinalada para a mesma, os membros do Consello poden presentar as enmendas que estimen oportunas ao texto proposto. Se se trata de enmendas totais, éstas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posibles enmendas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sométese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficiente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio **procedemento específico** de elaboración aprobado pola Comisión Permanente, que son lixeiras variacións respecto a este

C

E

S

13

2

0

1

3

esquema xeral para adaptalo ás características concretas dos informes, ditames, informes-opinión ou a Memoria socioeconómica.

Xestión económico-administrativa


- **Organigrama técnico-administrativo.**

Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha estrutura de técnicos e persoal de administración, formada por nove traballadores, que se organiza en distintos departamentos.

- O **Gabinete Técnico** é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e ditames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. Está composto por dous expertos economistas. O Gabinete aporta as referencias estatísticas necesarias para os traballos, as analiza e prepara unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das Comisións Sectoriais. O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e ditames que, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, elabora o Consello, previas ás consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

- O **Centro de Documentación** e apoio ao Consello é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ao Pleno do CES todos os datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Tamén pon a disposición dos membros do Consello fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis ampla gama de soportes. Xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

A función do responsable do Centro de Documentación



Esquema da estrutura de persoal do CES.

e apoio ao Consello é facilitar aos seus membros e ao Gabinete Técnico os materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións. O Centro ofrece información especializada na área socioeconómica aos membros do CES-Galicia e ao persoal técnico deste. Internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento desde hai varios anos.

14

2
0
1
3

- O responsable do **Departamento de Xestión** encárgase de todas as funcións de xestión presupostaria e contable, da contratación de servizos e suministros, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

- As tarefas de exteriorización da actividade do organismo artéllanse no **Gabinete de Comunicación**. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do secretario xeral, do seguimento do proceso dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e da coordinación das publicacións do CES, entre elas a presente memoria. Entre as súas responsabilidades inclúese nos últimos tempos, en coordinación co Centro de Documentación, o contido da páxina web do Consello, na que estamos a incluír, nunha área privada para os membros,

todo o material documental necesario para o desenvolvemento das distintas sesións das comisións sectoriais.

- O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do Centro de Documentación, encárgase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ao traballo diario e mais á relación cos seus membros. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello.

- Tres **auxiliares administrativos**—técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do Departamento de Xestión e funcionalmente dos responsables das áreas ás que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

O orzamento

15

Para o exercicio de 2013, o CES contou cunha asignación presupostaria de 762.621 euros. Máis de dous terzos desta cantidade correspondeu ao capítulo I, gastos de persoal, en concreto 514.889 euros.

C
E
S

16

2
0
1
3

C

E

S

17

2

0

1

3

un ano de actividades

Entre as actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no ano 2013, en cumprimento das funcións que lle son propias, recolleemos de seguido os documentos aprobados (seis ditames, un informe a iniciativa propia e a memoria socioeconómica anual), as reunións celebradas polos seus órganos colexiados, cos seus acordos máis destacados, e a importante actividade institucional desenvolvida nestes doce meses, con especial relevo para un seminario europeo celebrado en Santiago de Compostela, no marco da Rede Transnacional Atlántica (RTA) e a colaboración co CES de España na presentación en Galicia dun informe sobre o futuro do sector pesqueiro. Como sempre, información máis polo miúdo pode atoparse na nosa web, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo, ben no apartado de Publicacións ou a través do buscador.

Documentos aprobados. Ditames

En cumprimento das funcións básicas do Consello, as que veñen establecidas directamente na súa lei de creación, cómpre salientar que en 2013 o CES emitiu seis ditames, aprobou un informe por propia iniciativa e publicou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2012.

Os seis **ditames** aprobados, na meirande parte dos casos por unanimidade, foron os seguintes:

- Ditame 1/13, sobre o anteproxecto de Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Solicitado polo procedemento de urxencia (obriga a evacuar o texto nun prazo máximo dun mes), foi aprobado polo Pleno o 14 de xaneiro. Inclúe un voto particular do Grupo I.

- Ditame 2/13, sobre o anteproxecto de Lei de caza de Galicia. A solicitude tivo entrada en febreiro e o ditame foi aprobado na sesión plenaria do 4 de abril, por unanimidade.

- Ditame 3/13, sobre anteproxecto de Lei de creación do Colexio profesional de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. Aprobado tamén por unanimidade o 4 de abril

- Ditame 4/13, sobre o anteproxecto de Lei de garantías das prestacións sanitarias. Un dos asuntos máis controvertidos dos que tiveron entrada este ano. Solicitado polo trámite de urxencia, foi aprobado polo Pleno o 4 de abril e inclúe un voto particular do Grupo I.

- Ditame 5/13, sobre o Anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia. Unha vez máis, tramitado pola vía urxente. Foi aprobado na sesión plenaria do 11 de xullo.

- Ditame 6/13, sobre o anteproxecto de Lei de accesibilidade de Galicia. De novo, solicitouse polo procedemento de urxencia. A súa aprobación unánime produciuse o 15 de novembro.

Informe sobre Vigo e a súa área

Outra das funcións do CES é a elaboración de **informes**. En cumprimento da mesma, en 2013 presentamos o documento que pecha, polo momento, a serie de informes territoriais que venimos adicando aos distintos ámbitos xeográficos galegos, o que corresponde a Vigo e a súa área de influencia.

Co informe sobre Vigo e a súa área de influencia remata un ciclo, pois xe estudiamos o total da xeografía galega, e comeza unha nova aposta. O Consello ten previsto, e xa está a traballar nesa liña, levar a cabo unha actualización destes informes territoriais e, ao mesmo tempo, facer un seguemento da evolución dos territorios segundo a nova análise e o cumprimento das propostas que inclúen os informes.

Desde moi pouco despois da súa creación, o CES escomezou un proxecto a longo prazo para abordar estudos territoriais baseados nas áreas funcionais de Galicia, coa idea de abordar pormenorizadamente a realidade económica e social das distintas áreas. Ao longo destes anos, fixéranse nove deses informes –todos poden atoparse na web– e estaba pendente a área de Vigo. Este ano puidemos por fin pechar a serie, aínda que se fixo unha aposta máis atrevida, con cambios no concepto do traballo a desenvolver. Pero é solo un punto e seguido, porque o CES aprobou retomar estes estudos xeográficos, mais desde un novo enfoque, baseado non nas áreas funcionais –concepto que se entende superado pola realidade actual–, senon nās áreas de influencia dos principais núcleos.

Este **informe sobre Vigo e a súa área de influencia** foi o primeiro no que se adoptou unha metodoloxía diferente, para acadar un resultado moi pegado á realidade, cunha análise estatística de base pero tamén cun apartado estratéxico e valorativo, que nos permitiu aportar directrices e propostas de futuro.

Coa ría como eixo vertebrador e elemento identificativo, e logo de dous capítulos de estudio estatístico dos principais indicadores socioeconómicos da área, o informe aborda un completo análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) do territorio, coa identificación de factores internos e externos, baseado en enquisas e cuestionarios a moi diversos colectivos e entidades representativos dos principais sectores económicos e sociais de Vigo.

Este estudio serve de base para sinalar cinco directrices estratéxicas, nas que se agrupan as propostas de futuro. Estas cinco directrices estratéxicas que presenta o CES son:

- Cohesión social e calidade de vida.
- Mobilidade e infraestruturas.
- Capacidade innovadora e globalización.
- Desenvolvemento do tecido produtivo.
- Gobernanza e cooperación institucional.

Dentro de cada unha desas liñas, agrúpanse diferentes propostas de futuro, de ideas para mellorar a calidade de vida

das xentes dese territorio, como nunha ferramenta de reflexión para a toma de decisións para a área. O obxectivo que se marcou o CES cando aprobou este informe, e os novos que xa estamos a desenvolver, é aportar unha serie de ideas consensuadas para a súa toma en consideración polos axentes económicos, sociais e mesmo políticos de cada un dos territorios analizados.

A **cohesión social** ten como obxectivo a busca da equidade e a xustiza, mentres que a **calidade de vida** fai referencia á capacidade do territorio de proporcionar a os seus habitantes maiores niveis de benestar. O CES inclúe en nesta directriz estratéxica propostas relacionadas coa sanidade e os servizos sociais, a educación, a cultura, a xustiza ou a participación cidadá, entre outros.

No eido da **movilidade**, as sociedades modernas demandan sistemas de transporte eficaces e complexos, flexibles e sostibles. O informe inclúe, ademais das infraestruturas de comunicación, propostas sobre ordenamento urbanístico, solo empresarial ou vivenda. Por exemplo, o CES fala de impulsar o desenvolvemento dun plan de transporte público metropolitano que considere conxuntamente o transporte terrestre (por estrada e ferrocarril) e marítimo e que permita unha plena vertebración do territorio analizado, facilitando a conexión directa dos principais núcleos urbanos da área coa cidade de Vigo e os puntos de especial importancia para os cidadáns.

Un terceiro bloque está adicado á **innovación** e a globalización, elementos indispensables para deseñar o futuro do territorio, incrementar o valor engadido da súa oferta de produtos, servizos e recursos e promover o crecemento económico e social.

O desenvolvemento do **tecido empresarial** debe aproveitar o coñecemento e a experiencia acumulada por sectores estratéxicos tradicionais –automoción, pesca, naval, granito, turismo...–, pero, á vez, tamén apostar pola diversificación nos sectores de futuro, como biotecnoloxía, TICs, ciencias da saúde, economía verde ou medio ambiente.

A última das directrices estratégicas está adicada á **gobernanza e cooperación institucional** e pretende promover liderados responsables no sector público. As propostas de futuro que recoge inciden na axeitada planificación de funcións das diferentes administracións, cunha racionalización da dimensión e número das estruturas institucionais existentes para evitar duplicidades e garantir a eficiencia da xestión dos recursos públicos. O informe anima tamén a profundizar nos mecanismos de colaboración entre as administracións públicas e as organizacións privadas. Este é, precisamente, o encaixe institucional do Consello Económico e Social, porque, entre outras propostas, o informe insiste na necesidade de reforzar mecanismos de participación cidadá para promover una democracia participativa, onde as propoeostas e valoracións da sociedade en xeral e de colectivos específicos podan ser expresados, tidos en conta e incorporados aos procesos de acción política e institucional.

En definitiva, e como salientou a presidenta do CES na **presentación** pública do informe na cidade de Vigo –máis información no apartado de actos institucionais, na páxina xx)–, o estudio reforza a idea de que Vigo e a súa área de influencia pode afrontar o seu futuro con optimismo, porque este territorio dispón dunha ampla variedade de recursos e capacidades de gran valor, potencialidades para impulsar a mellora da competitividade do seu tecido empresarial e a calidade de vida dos seus habitantes.

Memoria sobre a situación económica e social

Outra das funcións asignadas ao Consello é a elaboración dun estudio global sobre a situación socioeconómica da comunidade autónoma. En cumprimenta da mesma, o Pleno aprobou neste ano a **Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2012** (cada ano, estúdase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior). Aprobado polo Pleno na súa sesión do 11 de xullo, o documento mantén a estrutura do ano anterior, aínda que profundeza máis en aspectos como o medio ambiente ou a cultura.

A Memoria 2012, como as anteriores, pode consultarse na páxina web do CES. De todos os xeitos, recóllense de seguido algúns dos aspectos máis salientables e as consideracións do Consello, agrupados segundo a estrutura do documento, en cinco apartados.

Panorama económico

A contracción da demanda interna favorecida polas políticas de axuste fiscal, combinadas coas restricións ao crédito, dificulta a recuperación da actividade e do emprego. O CES cree necesario valorar a conveniencia da aplicación ríxida dos criterios de consolidación fiscal, nunha conxuntura na que os efectos destas políticas contribúen a perpetuar a recesión económica.

O CES considera que o aspecto positivo que se deriva do incremento da produtividade aparente do factor traballo, mitígasen cando este incremento deriva da perda de emprego e non, como sería desexable, do incremento do valor engadido nas distintas ramas de actividade.

O CES quere manifestar a súa preocupación pola progresiva redución de recursos dedicados á produción de bens públicos de carácter económico e social, tais como infraestruturas e actuacións ambientais, así como a redución de recursos para fomentar o desenvolvemento empresarial, fronte ao elevado e progresivo incremento dos recursos destinados a afrontar os pagos da débeda pública.

Ante a gravidade dos problemas derivados da evolución da poboación en Galicia, o CES entende prioritario, que dende as Administracións se poñan os medios necesarios para acadar a dinamización demográfica de Galicia, tanto mediante medidas de apoio ás familias que favorezan a natalidade, como a través de políticas de emprego que logren fixar a poboación nova na nosa Comunidade.

A concentración e o forte envellecemento da poboación, fundamentalmente nas zonas con menor densidade poboacional, están determinadas tamén polas diferenzas en termos de desenvolvemento económico e social entre zonas

urbanas e rurais. O CES considera que o desenvolvemento económico do rural galego debería entenderse tamén como una medida fundamental dentro das políticas demográficas necesarias para evitar o abandono dunha parte do territorio galego cun gran potencial económico.

Mercado de traballo e relacións laborais

O CES considera que o fomento do emprego debe estar asociado á implementación de medidas de estímulo económico que favorezan o retorno a unha senda de crecemento estable.

Os efectos nas economías familiares derivados da crise económica propician a incorporación de mulleres inactivas ao mercado laboral; neste senso destacar que o 70% das mulleres que se incorporan como activas teñen máis de 55 anos. O CES estima que as especiais características e circunstancias que rodean a incorporación laboral deste grupo de mulleres, debería derivar nun especial seguimento e consideración.

O CES considera necesario subliñar que, xunto ao grave problema económico e social asociado á menor ocupación, a crise está a provocar unha modificación das condicións do emprego, entre outros, en termos de incremento na taxa de traballo a tempo parcial, ou de redución da duración dos contratos.

O CES cree necesario avanzar na complementariedade entre as políticas económicas e de emprego e as medidas de protección e inclusión social, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades, como é o caso dos maiores de 45 anos.

O CES pon de manifesto que a persistencia e a duración do desemprego é especialmente preocupante no caso dos mozos e das mozas; polo que é importante insistir na necesidade de promover ferramentas efectivas que permitan á mocidade acadar e mellorar a súa empregabilidade.

As peores consecuencias da crise económica no mercado laboral son a forte destrución de emprego e o grave incre-

mento da poboación parada, polo que o CES entende necesario destacar que a consecución do crecemento económico necesario para acadar a creación de emprego debe ser o obxectivo global das políticas económicas que se implemen-ten por parte dos poderes públicos.

Tecido produtivo

O incremento no número de empresas creadas é moi inferior ao que se produce no ano 2012 no número de em-presas que se disolven. Isto provoca que Galicia teña índices de rotación empresarial moi superiores á media estatal, o que, unido a un continuo incremento no número de empresas con-cursadas, deriva nun grave problema de deterioro do tecido empresarial na nosa Comunidade. Ante unha situación como a actual, o CES estima que o apoio ao tecido empresarial pasa tanto por promover iniciativas que faciliten o mantemento da actividade como por poñer os medios necesarios para dirixir o fluxo de crédito cara ao sector produtivo.

O afondamento nos axustes estruturais, así como a aposta pola calidade e a especialización, son as bases nas que se debería sustentar a recuperación e fortalecemento do subsector agrogandeiro en Galicia.

A caída da actividade e do emprego na industria, a evolución negativa do índice de produción industrial, e as pesimistas previsións sobre o futuro que mostra o indicador de confianza empresarial, reflicten os graves problemas nos que se atopa o modelo produtivo actual, sobre todo polo que afecta aos sectores estratéxicos do sistema industrial galego. O CES entende necesario, para paliar estes efectos, contar con medidas específicas de apoio ao sector industrial, entre outras restaurar o acceso ao crédito ás empresas.

O CES insta a acadar unha solución aos problemas derivados do actual marco normativo contractual, que se tra-ducen nunha brusca caída da actividade do sector naval en Galicia. A supervivencia dos sectores estratéxicos é fundamen-tal para poder asentar a recuperación económica e asegurar un crecemento sostible, baseado na especialización en produ-cións de alta tecnoloxía e gran valor engadido.

Os graves efectos que a redución da demanda provoca sobre a actividade económica, son, se cabe máis preocupantes, cando afectan a un sector coa importancia económica e social do sector servizos, tanto polo valor que xera como polo emprego que acolle.

O CES considera necesario incrementar o dinamismo do sector turístico de Galicia ante a elevada caída da demanda nacional. Por iso a reorientación do sector cara a demanda estranxeira e o replantexamento da oferta cara a actuacións que reduzan a súa estacionalidade son de gran importancia para a súa recuperación e para acadar un crecemento sostido no tempo do sector turístico en Galicia.

O continuo descenso do volume de crédito concedido ao sector privado tanto en Galicia como no conxunto do Estado, parece evidenciar a escasa repercusión neste ano, das medidas de reforma do mercado financeiro. Neste senso o CES estima fundamental a posta en marcha de medidas dirixidas a potenciar a canalización do aforro ás necesidades de gasto dos axentes económicos, para poder recuperar unha senda de crecemento estable.

A xeneralización da crise económica ao conxunto da zona euro, principal mercado das exportacións galegas, xunto coa gran concentración de exportacións en sectores como o automóbil, profundamente afectados pola crise de demanda, desemboca nunha redución da actividade comercial galega co resto do mundo. Ante unha situación económica marcada por unha profunda redución da demanda interna, a apertura de novos mercados e a potenciación das exportacións, parece no corto e medio prazo, un dos vectores clave para estimular o crecemento.

O CES considera que a grave crise que está a padecer Portugal, agrava os problemas económicos de Galicia, xa que a Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal, polo seu tamaño e integración, constitúe un espazo básico para o desenvolvemento económico de ámbolos dous territorios.

O elevado peso de determinados sectores no comercio exterior co resto do mundo pode alterar a avaliación dos

esforzos de apertura a mercados internacionais da empresa galega, uns esforzos que o CES entende deben ser favorecidos e potenciados.

Calidade de vida e benestar social

O aumento do desemprego e as elevadas taxas de paro de longa duración, explican en gran parte a redución nas taxas de cobertura pública das persoas desempregadas. O CES estima necesario adaptar as coberturas sociais ás circunstancias excepcionais provocadas pola crise económica.

O CES entende necesario incidir nas medidas para garantir os mínimos de subsistencia ante a profundización dos efectos sociais da crise económica.

Dada a evolución da poboación galega, cunha tendencia, máis acusada nos últimos anos, ao estancamento e ao envellecemento, o CES cree necesario ter en conta que as necesidades actuais e futuras da poboación poden verse, en gran medida, afectadas polas modificación orzamentarias e de servizos que se derivan dos recentes cambios normativos.

O incremento na última década no número de procesos tumorais fai, se cabe, máis necesario incrementar os fondos destinados á investigación neste campo, así como á implementación de programas de cribado que favorezan a prevención e a diagnose precoz da enfermidade.

A priorización dos pacientes e o cumprimento dos tempos máximos de agardar son obxectivos fundamentais á hora de acadar unha sanidade eficiente e de calidade. Neste senso, os mecanismos de medición das listas de agarda deben proporcionar a información necesaria para poder garantir o cumprimento dos obxectivos.

O sostido deterioro do mercado laboral, que se reflicte no incremento do número de persoas desempregadas, e, en concreto, no forte aumento do paro de longa duración, ten como consecuencia directa a existencia de 27.500 vivendas familiares sen perceptores de ingresos, un 19% máis que no ano 2011, así como 393 mil vivendas nas que só un membro

percibe ingresos, un 2,7% máis que no ano anterior. Para tratar de paliar os problemas de pobreza e desigualdade na distribución da renda, o CES entende prioritario o fortalecemento dos mecanismos de inclusión social.

O aumento das desigualdades e da pobreza consecuencia da actual crise económica é un problema social que se intensifica máis se cabe nun contexto de restricións orzamentarias, que afectan ás políticas de prevención da pobreza.

Unha das consecuencias da actual crise económica, e, en concreto, das medidas que se están a impoñer para facerlle fronte, son os efectos negativos sobre a igualdade de oportunidades e a inclusión social. Polo tanto o CES considera que as políticas de protección e inclusión social, son indispensables para manter a cohesión social.

O CES considera que todos os beneficiarios con prestación recoñecida deberían poder acceder á mesma no menor tempo posible, limitando o chamado "limbo da dependencia".

O CES mostra a súa preocupación polos efectos sobre o ámbito da asistencia ás persoas dependentes, que terá a modificación do convenio especial da S.S. dos coidadores non profesionais, que ao longo do ano 2012 provocou unha drástica reducións da afiliación.

Os efectos constatados do cambio climático en Galicia, o incremento no número de especies ameazadas e invasivas, o empeoramento do estado fitosanitario dos bosques galegos ou o crecemento das emisións de CO₂ por parte dos sectores difusos, son, entre outros, indicadores da necesidade de continuar implementando medidas cara a acadar unha protección máis efectiva do medio ambiente. O CES estima que a protección medioambiental debe entenderse como un elemento fundamental do desenvolvemento rural, compatibilizada coas necesidades do sector primario galego.

Recursos e capacidades para o desenvolvemento

Dada a porcentaxe de profesorado con idades próximas á xubilación existente en Galicia, o CES entende que a fixación

dunha taxa de reposición apropiada a cada territorio é fundamental para o bo funcionamento do sistema educativo.

O CES entende necesario aplicar medidas de prevención e redución do abandono educativo temperá, a través da mellora das distintas etapas educativas, e da oferta de novas oportunidades para a formación e para o retorno ao sistema educativo.

No que respecta á produción científica nas universidades galegas, un ano máis o CES estima destacar que o sistema universitario galego, contando do 5,8% do profesorado universitario do Estado, produce o 6,9% do total das publicacións academicamente recoñecidas.

O CES considera que reforzar as actuacións no ámbito da I+D é básico para avanzar na recuperación económica, propiciando un achegamento aos indicadores medios europeos, a través dun maior esforzo inversor tanto público como privado neste campo.

O CES entende que a planificación estratéxica e a reactivación dos investimentos en infraestruturas resulta fundamental para tratar de estimular a actividade económica nun contexto de crise e axustes fiscais como o actual.

Reunións dos órganos colexiados

Para cumprir as súas funcións, o CES organízase en comisións sectorias de traballo, ademais dunha Comisión Permanente e o Pleno. A súa composición e estrutura poden consultarse na primeira parte desta memoria de actividades e, por suposto, na web do Consello. A actividade deste exercicio demandou a celebración de cinco sesión plenarias, seis reunións da Comisión Permanente e trinta e catro sesións das distintas comisións sectoriais que elaboran as proposta dos traballos. Resúmense de seguido os cometidos abordados por estes órganos colexiados.

Pleno: 5 sesións

1/13	14 de xaneiro
2/13	04 de abril
3/13	11 de xullo
4/13	15 de outubro
5/13	15 de novembro

Comisión Permanente: 6 sesións

1/13	10 de xaneiro
2/13	26 de marzo
3/13	09 de xullo
4/13	09 de outubro
5/13	12 de novembro
6/13	05 de decembro

Comisión sectorial nº 1: 7 sesións

1/13	08 de xaneiro
2/13	27 de febreiro
3/13	06 de marzo
4/13	25 de xuño
5/13	01 de xullo
6/13	02 de xullo
7/13	04 de xullo

A Comisión sectorial nº 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, é habitualmente unha das máis activas, dado que o seu ámbito de actuación é moi amplo e abrangue multitude de campos. Neste ano 2013, as súas reunións estiveron adicadas a elaboración das propostas de ditames de modificación de horarios comerciais, de caza de Galicia, e sobre o anteproxecto de Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Comisión sectorial nº 2: 7 sesións

1/13	13 de marzo
2/13	18 de marzo
3/13	19 de marzo

4/13	21 de marzo
5/13	28 de outubro
6/13	06 de novembro
7/13	07 de novembro

A Comisión sectorial nº 2, *Sector público e benestar social*, adicou as súas reunións de 2013 a elaborar as propostas de ditame sobre o anteproxecto de Lei de creación do colexio profesional de dietistas-nutricionistas pero, sobre todo, do anteproxecto de Lei de garantías das prestacións sanitarias de Galicia, un dos textos normativos máis importantes e mesmo polémicos dos que pasaron polo CES este ano. Os membros remataron o ano coa proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de accesibilidade de Galicia.

Comisión sectorial nº 3: 12 sesións

1/13	12 de marzo
2/13	20 de marzo
3/13	12 de abril
4/13	26 de abril
5/13	18 de xullo
6/13	05 de setembro
7/13	12 de setembro
8/13	20 de setembro
9/13	25 de setembro
10/13	27 de setembro
11/13	02 de outubro
12/13	04 de outubro

A Comisión sectorial nº 3, *Desenvolvemento territorial*, foi a máis activa este ano. Foi a encargada de redactar o informe sobre Vigo e a súa área, que pecha o ciclo de estudos territoriais que ven desenvolvendo o CES.

Comisión sectorial nº 4: 8 sesións

1/13	18 de abril
2/13	02 de maio
3/13	16 de maio
4/13	23 de maio
5/13	30 de maio

C

E

S

6/13

06 de xuño

7/13

13 de xuño

8/13

20 de xuño

Como cada ano, a Comisión sectorial nº 4, *Memoria socioeconómica*, elaborou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2012, cumprindo ademáis co mandato normativo de tela aprobada no primeiro semestre do ano.

Actividades institucionais e proxección

Por outra banda, o CES desenvolve tamén actividades externas, de colaboración con outros organismos similares ou de participación en organizacións de ámbito europeo. Neste eido dos eventos relevantes, o ano 2013 está a ser especialmente significativo, e tivemos ocasión de ser anfitrións, na nosa sede compostelana, dun seminario de nivel europeo, con todo o que isto representa para un organismo como o noso e mesmo para a proxección exterior de Galicia. Neste 2013 puidemos tamén colaborar co CES do Estado na difusión en Galicia do seu informe sobre o sector pesqueiro. Ademáis, o Pleno aprobou unha declaración de apoio ao sector naval sobre o controvertido asunto das axudas fiscais cuestionadas pola Comisión Europea e presentouse na cidade olívica o informe sobre Vigo e a súa área de influencia.

Os detalles destas actividades recóllense de seguido en orde cronolóxica.

Galicia participou no encontro de CES autonómicos celebrado en Castellón.

O Consello Económico e Social de Galicia participou no encontro anual de CES de España, que se celebrou os días 8, 9 e 10 de maio en Castellón, organizado polo organismo consultivo da Comunidade Valenciana. Na xuntanza, que reuniu a representantes dos distintos consellos autonómicos e do Consejo Económico y Social de España, o CES de Galicia esti-

vo representado pola súa presidenta, Corina Porro, e o secretario xeral, Juan José Gallego Fouz. Como cada ano, este reunión serviu para coordinar e por en común dinámicas de traballo e estudar estratexias conxuntas para abordar algúns dos retos aos que se enfrontan estes organismos na actual contexto socioeconómico e político.



32

2013

O presidente do CES de España, Marcos Peña, xunto á presidenta do CES-Galicia, Corina Porro, durante a presentación aos medios de comunicación.

O CES de España presenta en Galicia o seu informe sobre a reforma da Política Pesqueira Común europea

A xornada celebrouse o 25 de xuño no Museo do Mar, en Vigo

O Consejo Económico y Social elixiu Galicia para presentar o seu informe sobre a reforma da Política Pesqueira Común, nunha xornada que tivo lugar no Museo do Mar, en Vigo o 25 de xuño. A especial relevancia do sector pesqueiro e o complexo mar-industria para o tecido económico e social galego, e a importancia da pesca galega no conxunto español, decidiron ao organismo consultivo, en colaboración co CES-Galicia, a achegar as conclusións do seu estudio aos representantes do sector nestas terras.

A colaboración entre as dúas institucións permitiu dar a coñecer a distintos representantes do sector –desde pescadores a armadores, pasando por importadores ou empresas transformadoras–, que foron invitados á xornada, as posicións

acadadas polos membros do CES no seu informe La reforma de la Política Pesquera Común.

No acto participaron tamén, ademáis dos dous presidentes, membros dos distintos grupos do Consejo e contou coa presenza do secretario xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Carlos Domínguez Díaz, que explicou a postura gubernamental ante a reforma da PPC. No acto de clausura, a conselleira de Pesca, Rosa Quintana, volveu a salientar a aposta do Executivo galego pola sostenibilidade dun sector clave para a economía de Galicia.

O Consello celebra un seminario sobre o Plan de Acción da Estratexia Atlántica europea

Ultimará a contribución da RTA ao ditame do CES europeo

Representantes dos consellos económicos e sociais agrupados na Rede Transnacional Atlántica (RTA) e da Comisión Europea participaron no seminario sobre o Plan de Acción da Estratexia Atlántica, que se celebrou en Santiago de Compostela o 28 de xuño. O encontro serviu tamén para definir a contribución da RTA ao ditame do CES europeo sobre a dita estratexia.

Ademáis da visión da Comisión Europea sobre as accións prioritarias, a súa implementación e a gobernanza das propostas estratéxicas plantexadas, os asistentes coñeceron de primeira man, a través das experiencias da rexión do mar Báltico e da rexión do Danubio, a implicación dos axentes económicos e sociais nas estratexias macrorrexionais da UE xa existentes. Presentouse tamén o informe do grupo de traballo da RTA sobre a participación da organización na estratexia.

É dicir, a través deste mecanismo, o CES europeo vai ter, por primeira vez, voz propia no deseño estratéxico do futuro continental, da estratexia Europa 2020, que será o mecanismo que aglutinará boa parte dos novos fondos estruturais da Unión.



**Mesa
presidencial,
durante o acto
de inauguración
do seminario.**

Na xornada tivemos connosco a expertos no desenvolvemento da participación da sociedade civil organizada na toma de decisións de entidades rexionais, con experiencias no Báltico e na área do Danubio, que xa teñen posto en marcha estas estratexias comunitarias.

O CES-Galicia aproba unha declaración institucional de apoio ao sector naval.

O Consello Económico e Social de Galicia (CES), reunido en sesión plenaria na súa sede de Santiago de Compostela, o día 11 de xullo de 2013, adopta, por unanimidade, a seguinte declaración:

Ante o que constitúe un clamor por parte de todos o sectores da sociedade galega o CES de Galicia quere manifestar o seu apoio ao sector naval galego nuns momentos críticos no que está en xogo a supervivencia do propio sector.

A devolución das axudas do tax lease nos estritos termos nos que ven sendo anunciada pola Comisión Europea, ademais de inxusta, resulta incoherente coas políticas económicas e sociais que ven proclamando a Unión Europea.

Dado que o naval é un sector estratéxico, cun importante peso no PIB galego e que comporta miles de empregos e industria auxiliar, o dito reintegro suporía un drama para a economía galega e, conseguintemente, para moitas familias que se verían abocadas a unha situación de desamparo e pobreza.

Dende o CES de Galicia reclámase á Comisión Europea que pondere todas as circunstancias concorrentes que están en xogo, no momento de adoptar a súa decisión.



Representantes institucionais e axentes económicos e sociais participaron no acto de presentación.

Presentación do informe sobre Vigo e a súa área de influencia

Vigo e a súa área de influencia son os protagonistas do último informe aprobado polo Consello Económico e Social de Galicia. O documento foi presentado pola presidenta do organismo consultivo, Corina Porro, nun acto informativo que se celebrou o día 23 de outubro no Museo do Mar de Galicia (Vigo).

Como se indica noutra sección desa memoria de actividades, o contido do informe inclúe unha detallada análise de datos estatísticos da realidade socioeconómica dos conce-

llos que forman a área, vertebrada arredor da ría como elemento dinamizador e de identidade, e complétase cun estudo máis cualitativo, valorativo, con opinións cualificadas de distintos axentes socioeconómicos. O estudio estratéxico, coa súa análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, conclúe cunha serie de directrices e, sobre todo, de propostas de futuro para este territorio.

A presidenta do CES, Corina Porro, que coñece ben a realidade viguesa, foi a encargada de pormenorizar e detallar algunhas destas propostas que, a modo de reflexións consensuadas polas organizacións representadas no Consello, recóllense no informe (que pode descargarse na web).

Esta acción complementouse coa remisión de exemplares impresos a os principais persoeiros, insitucións e protagonistas do ámbito socioeconómica da área analizada, desde os alcales a profesores universitarios, pasando por asociacións empresariais o colectivos veciñais.

C
E
S

37

2
0
1
3